



Bo día.

Este ano o IES Rego da Trabe participa no Día da Ciencia na Rúa, que terá lugar o sábado 4 de maio entre as 11 da mañá e as 7 da tarde, no Parque de Santa Margarita, arredor da Casa das Ciencias.

O alumnado que participa debe estar na tenda que temos asignada ás 9:30 h da mañá para axudar a montar os experimentos a realizar. A xornada rematará aproximadamente ás 19.30 h, pois temos que recoller todo o material. Pedimos a vosa colaboración para garantir que os vosos fillos e fillas cheguen á hora solicitada.

O obxectivo do Día da Ciencia é dar protagonismo ao alumnado, que será o eixo e centro da actividade desenvolvida e o condutor do coñecemento. En todo momento haberá uns catro ou cinco alumnos ou alumnas atendendo a quen visite a nosa tenda, amosándolles e animándoos a participar nos experimentos e xogos que levamos preparados. Cada grupo de alumnos e alumnas terá un horario estipulado, e fóra del poderá e será animado a que visite o traballo doutros centros. Isto será sen ser acompañados polo profesorado.

Participan centros escolares, públicos e privados de toda Galicia, que achegan os coñecementos e procedementos científicos á cidadanía, propoñendo e presentando ao público o seu propio programa de actividades e experimentos. Todo iso está aderezado con outras actividades paralelas que dan maior realce e luminosidade ao evento.

O alumnado que participa leva traballado moito neste proxecto, con moita ilusión e ganas e merece os nosos parabéns. Estades invitados a visitarnos, para ver o traballo que realizaron.

A comida será subministrada pola organización e o custo asumido polo noso centro. Entregaráselles unha bolsa de picnic con mochila, que contén:

- 1 bocadillo de milanesa
- 1 bocadillo de salchichón
- 1 dóce
- 1 peza de froita
- bebida durante toda a xornada

Recomendamos que leven gorra e protección solar para a cara.

A tenda asignada é o número 38. Achégase plano.



COCACOLEANDO

Por outra banda, o alumnado de bacharelato que participa no concurso “Cocacoleando” debe estar ás 10.30 h nesta tenda. Eles realizarán unha Xinkana que se desenvolverá pola cidade, ao longo de toda a xornada. A organización entregará cartos para poder sufragar os seus gastos de mantención e para moverse pola cidade, que terán que xustificar ao remate das probas.